



TEXTO DEFINITIVO DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DOS PROCEDIMENTOS DE ACTIVIDADES E SERVIZOS SOMETIDOS AO RÉXIME DE DECLARACIÓN RESPONSABLE OU COMUNICACIÓN PREVIA E DAS LICENZAS DE ACTIVIDADES.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, impón aos Estados membros a obriga de eliminar todas as trabas xurídicas e barreiras administrativas inxustificadas á liberdade de establecemento e de prestación de servizos que se contemplan nos artigos 49 e 57 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, respectivamente, establece un principio xeral segundo o cal o acceso a unha actividade de servizos e o seu exercicio non estarán suxeitos a un réxime de autorización. A transposición ao ordenamento xurídico español realizase a través da Lei 17/2009, de 23 novembro, sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, que dispón que unicamente poderán manterse réximes de autorización previa, por leí, cando non sexan discriminatorios, estean xustificadas por unha razón imperioso de interese xeral e sexan proporcionados, Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación a leí sobre o libre acceso as actividades de servizos e o seu exercicio e a normativa autonómica mediante a Lei de Galicia 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia, para a súa adaptación a Directiva, dando unha nova redacción ao artigo 286.1 da Lei 5/1 997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, que queda:

1. As entidades locais poderán intervir na actividade dos cidadáns a través dos seguintes medios:

- a) Ordenanzas e bandos.
- b) Sometemento a licenza previa e outros actos de control preventivo. Non obstante, cando se trate do acceso e exercicio de actividades de servizos incluídas no ámbito de aplicación da Directiva 2006/123/CE, de 12 de decembre de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, e as súas normas de transposición, estarase ao disposto na mesma.
- c) Sometemento a comunicación previa ou declaración responsable, de conformidade co establecido no artigo 71 bis da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- d) Sometemento a control posterior ao inicio da actividade, a efectos de verificar o cumprimento da normativa que regula a mesma.
- e) Ordenes individuais constitutivas de mandato para la execución dun acto ou a súa prohibición.

2. A actividade de intervención das entidades locais axustarase, en todo caso, aos principios de non discriminación, necesidade y proporcionalidade co obxectivo que se persegue.

3. As licenzas o autorizacións outorgadas por outras administracións públicas no eximen aos seus titulares de obter as correspondentes licenzas das entidades locais. Respetarase, en todo caso, o disposto nas correspondentes leis sectoriais."

Así mesmo a Lei 2/2011, do 4 de marzo de Economía Sostible, reforma a Lei 7/1 985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, engadindo un novo artigo 84bis e un artigo 84 ter, coas seguintes redaccións:

"Artigo 84 bis. Sen prexuízo do disposto no artigo anterior, con carácter xeral, o exercicio de actividades non se sometera a obtención de licenza ou outro medio de control preventivo. Non obstante, poderán someterse a licenza ou control preventivo aquelas actividades que afecten á protección do medio ambiente ou do patrimonio histórico-artístico, á seguridade ou á saúde públicas, ou que impliquen o uso privativo e ocupación dos bens de dominio público, sempre que a decisión de sometemento estea xustificada e resulte proporcionada. En caso de existencia de licenzas ou autorizacións concorrentes entre unha entidade local e algunha outra administración, a entidade local debera motivar expresamente na xustificación da necesidade da autorización ou licenza o interese xeral concreto que se pretende protexer e que este non se encontra xa cuberto mediante outra autorización xa existente."

Artigo 84 ter. Cando o exercicio de actividades non precise autorización habilitante e previa, as Entidades locais deberán establecer e planificar os procedementos de comunicación necesarios, así como os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos precisos para o exercicio da mesma polos interesados previstos na lexislación sectorial."

Finalmente, o artigo 42 da Lei de Economía Sostible reforma o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e concretamente a letra i) do artigo 20.4. que agora establece que se poderán establecer as correspondentes taxas polo "Outorgamento das licenzas de apertura de establecementos, así como pola realización da actividade de verificación do cumprimento dos requisitos establecidos na lexislación sectorial cando se trate de actividades non suxeitas a autorización ou control previo."

Ante este novo marco xurídico e no marco da Disposición adicional oitava da Lei de Economía Sostible, resulta preciso regular nunha nova ordenanza, por un lado os procedementos de comunicación necesarios para as actividades e servizos que quedan excluídos de licenza ou outros actos de control preventivo, que con carácter xeral establece o artigo 84bis da Lei de Bases de Réxime Local, e o procedemento de verificación posterior dos requisitos precisos para o exercicio da actividade ou servizo e por outro lado o réxime de concesión de licenza para as actividades e servizos suxeitos a licenza. Así:

En primeiro lugar, debe terse en conta que o propio artigo 84, bis establece que "Non obstante, poderán someterse a licenza ou control preventivo aquelas actividades que afecten á protección do medio ambiente ou do patrimonio histórico-artístico, a seguridade ou a saúde pública, ou que impliquen o uso privativo e ocupación dos bens de dominio público, sempre que a decisión de sometemento estea xustificada e resulte proporcionada."

En segundo lugar, tamén debe terse en conta que seguen en vigor as seguintes normas que regulan procedementos especiais para autorización de certas actividades nas que debe abrirse un procedemento de información pública ao tratarse de actividades que lle afectan a tranquilidade e saúde dos veciños, e se require que outras Administracións concedan a súa autorización previamente a concesión da licenza municipal:

a) Regulamento Xeral de Policía de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas aprobado polo Real Decreto 2816/1 982, do 27 de agosto, desenvolto no que atinxe á Galicia polo Decreto



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@terra.es • Web: www.concellodemeano.com



292/2004, de 18 de novembro, modificado polo Decreto 160/2005, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) O Decreto da Xunta 133/2008, do 12 de xuño, sobre actividades suxeitas á avaliación de incidencia ambiental.

Polo tanto, as novas figuras da comunicación previa ou a da declaración responsable non resultan de aplicación ás seguintes actividades debendo quedar suxeitas ao procedemento de solicitude e concesión previa de licenza:

- . As actividades excluídas da Directiva 2006/1 23 CE.
- . As que se inclúan no Catálogo de actividades da Xunta de Galicia, relacionadas no Decreto 292/2004, modificado polo Decreto 160/2005.
- . As que requiran autorización ou informe previo e preceptivo doutra administración (protección do medio ambiente, patrimonio histórico artístico, augas, grandes superficies comerciais, establecementos de turismo e outras).
- . As actividades relacionadas no Decreto 133/08 que regula o procedemento de avaliación ambiental.
- . As que precisen inspección sanitaria previa sobre condicións hixienico-sanitarias antes do exercicio da mesma.

Como consecuencia, este Concello, dentro das medidas de adaptación á nova normativa, mediante a presente Ordenanza, pretende facilitar e facultar a posta en marcha de actividades e servizos incluídas no ámbito de aplicación da Lei 17/2009, así como outras actividades e servizos non incluídas de menor impacto ambiental co fin de estender a eliminación de trabas e axilización administrativa a outras actividades, de forma que poderán iniciarse desde o mesmo día da presentación da declaración responsable ou comunicación previa, sen necesidade de esperar á finalización do control municipal, o cal se mantén aínda que se articule a posteriori. Deste xeito, a mencionada presentación, e a toma de coñecemento por parte da Administración non supón unha autorización administrativa para exercer unha actividade, senón un medio para que a Administración coñeza a existencia da devandita actividade e activar as comprobacións pertinentes. O mantemento da licenza previa na apertura de determinadas actividades xustifícase por razóns de interese xeral, de orde pública, seguridade pública, saúde pública, seguridade dos destinatarios de bens e servizos, dos traballadores, protección do medio ambiente e a contorna urbana. Razóns que non son apreciadas por este Concello con carácter discrecional; se non seguindo o principio de xerarquía normativa e de seguridade xurídica, optar por seguir sometendo a licenza aquelas actividades en que unha norma estatal ou autonómica esixíaas e non variando este réxime nas distintas disposicións normativas dictadas polo Estado e a Comunidade Autónoma Galega para adaptar as súas lexislacións e procedementos ás esixencias da Directiva.

O día 26 de maio de 2012, publicase no BOE, número 126, o Real Decreto-lei 19/2012, de 25 de maio, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos. O Título 1 "De medidas urxentes de impulso do comercio", ten por obxecto o impulso e dinamización da actividade comercial minorista e de determinados servizos mediante a eliminación de cargas e restricións administrativas existentes que afectan ao inicio e exercicio

da actividade comercial minorista, en particular, mediante a supresión das licenzas de ámbito municipal vinculadas cas establecementos permanentes cunha superficie útil de exposición e venta ao pública non superior a 300 metros cuadrados, a súas instalacións e determinadas obras previas; mediante a inesixibilidade de licenzas previas de instalacións, de funcionamento ou de actividade e de licenzas de obra de acondicionamento de local cando non requiran da redacción dun proxecto de obra e a substitución por declaracións responsables ou ben por comunicacións previas e quedando suxeitos á comprobación posterior por parte das entidades locais.

Publicada e entrando en vigor o Real Decreto-lei 19/2012, de 25 de maio, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos, no período de exposición pública da Ordenanza municipal reguladora dos procedementos de actividades e servizos sometidos ao réxime de declaración responsable ou comunicación previa e das licenzas de actividades, aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión extraordinaria de data 16 de abril de 2012, e que ten por obxecto

1.1. Establecer e planificar os procedementos de comunicación necesarios para o exercicio de actividades non suxeitas a licenzas ou autorización habilitante e previa, así como os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos previstos na lexislación sectorial.

1.2. Regula-lo réxime de outorgamento de licenzas a aquelas actividades ás que non resulta de aplicación as figuras da comunicación previa ou declaración responsable.

1.3. Aproba-los modelos de declaración responsable e comunicación previa, así como a documentación que se esixirá no seu caso.

Procede incorporar á presente Ordenanza, en tramitación, as matizacións derivadas da entrada en vigor Real Decreto-lei 19/2012, de 25 de maio, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinadas servizos, en canto que incide no seu contido e se dicta ao amparo do artigo 149.1, regras 1a 13a 14a 16a e 18a e en base ao principio de xerarquia normativa e de legalidade, e que afecta, basicamente, ás determinacións das superficies e a inesixibilidade de licenzas de obra para as obras de acondicionamento dos locais para desempeñar a actividade comercial cando non requiran redacción de proxecto. Polo que se somete a aprobación definitiva do Pleno da Corporación o texto definitivo da Ordenanza municipal reguladora dos procedementos de actividades e servizos sometidos ao réxime de declaración responsable ou comunicación previa e das licenzas de actividades coas modificacións que se derivan da aplicación do Real Decreto-lei 19/2012, de 25 de maio,

TÍTULO PRIMEIRO

DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1.- Obxecto.

É obxecto da presente ordenanza:

1.1. Establecer e planificar os procedementos de comunicación necesarios para o exercicio de actividades non suxeitas a licenzas ou autorización habilitante e previa, así como os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos previstos na lexislación sectorial.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@terra.es • Web: www.concellodemeano.com



1.2. Regula-lo réxime de outorgamento de licenzas a aquelas actividades ás que non resulta de aplicación as figuras da comunicación previa ou declaración responsable.

1.3. Aproba-los modelos de declaración responsable e comunicación previa, así como a documentación que se esixirá no seu caso.

Artigo 2.- Réxime de licenza, de declaración responsable e de comunicación previa.

1. Intégranse no réxime de licenza de apertura ou de actividades aquelas actividades que afecten á protección do medio ambiente ou do patrimonio histórico-artístico, á seguridade ou á saúde públicas, ou que impliquen o uso privativo e ocupación dos bens de dominio público.

2. As actividades non suxeitas ao réxime de licenza previa atópanse sometidas, segundo os casos, ao réxime de declaración responsable ou de comunicación previa nos termos previstos na presente Ordenanza.

Artigo 3.- Efectos das licenzas, declaracións responsables ou comunicacións previas.

1.- O outorgamento de licenza ou a presentación de declaracións responsables ou comunicacións previas producirá efectos entre o Concello e o suxeito a cuxa actuación se refiran pero non alterarán as situacións xurídicas privadas entre este e as demais persoas.

2.- As licenzas entenderanse outorgadas deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo deterceiro. Idénticos efectos producirá a presentación de declaracións responsables ou comunicacións previas.

3.- A presentación da declaración responsable, ou da comunicación previa, co conseguinte efecto de habilitación a partir de ese momento para o exercicio material da actividade, non prexuzgará a situación e efectivo acomodo das condicións do establecemento á normativa aplicable, nin limitará o exercicio das potestades administrativas, de comprobación, inspección, sanción, e en xeral de control que á administración municipal lle corresponda.

Artigo 4.- Transmisión de licenzas, declaracións responsables ou comunicacións previas.

1.- As licenzas, así como os dereitos derivados das declaracións responsables ou comunicacións previas serán transmisibles aínda que, para que opere o cambio de titularidade, será preciso que se acredite ante o Concello que a transmisión se produciu por calquera dos medios admitidos en Dereito, facendo expresa referencia á licenza, declaración responsable ou comunicación previa cuxo obxecto se transmitiu.

2.- O Concello tomará razón do feito da transmisión da que dará conta aos propios interesados.

3.- Unha vez producida a transmisión, o novo titular se subrogará nos dereitos, obrigacións e responsabilidades que o anterior titular tiña recoñecidos na licenza concedida ou nos termos contidos na declaración responsable ou comunicación previa debidamente cumprimentada.

4.- Non obstante o anterior, se a transmisión da licenza se producise sen que o anterior e o novo titular o comunicaran ao Concello, ambos quedarán suxeitos a todas as responsabilidades e obrigacións derivadas do incumprimento da devandita obrigación.

5.- A inexactitude ou falsidade na comunicación de calquera dato, manifestación ou documento, determinará a imposibilidade de continuar no exercicio do dereito de que se trate.

6. As licenzas concernentes ás calidades dun suxeito ou ao exercicio de actividades sobre bens de dominio público serán ou non transmisibles, segundo se prevexa regulamentariamente, ou na súa falta, ao outorgalas.

7. Non serán transmisibles as licenzas cando o número das outorgables fora limitado.

8. Solicitud de transmisión ou cambios de titularidade de licenza ou dunha declaración responsable ou comunicación previa.

1. A deberá presentarse segundo o modelo que figura no Anexo e deberá incluír:

- a) O nome e apelidos, DNI ou NIF, enderezo, teléfono e, no seu caso, o enderezo de correo electrónico do novo titular ou titulares da actividade ou do servizo. No suposto de tratarse dunha persoa xurídica, fotocopia da escritura de constitución.
- b) O nome e apelidos, DNI ou NIF, enderezo, teléfono e, no seu caso, o enderezo de correo electrónico do anterior titular ou titulares da actividade ou do servizo.
- c) O nome e apelidos, DNI ou NIF, enderezo, teléfono e, no seu caso, a dirección de correo electrónico do representante.
- d) A situación exacta do local onde se exerce a actividade.
- e) Declaración de que no momento da transmisión, as características do local e da actividade seguen sendo as mesmas que as contempladas na referida licenza, comunicación previa ou declaración responsable: que non existiu ampliación da superficie, que non se realizaron modificacións das instalacións que requiran a aplicación de novas medidas correctoras, que non se alteran as condicións de evacuación e seguridade de forma que sexa preciso melloralas.

2.- A solicitud de cambio deberá vir acompañada da seguinte documentación:

- a) Copia da licenza, declaración responsable ou comunicación previa.
- b) Fotocopia do contrato de arrendamento ou escritura de propiedade do local ou edificio.
- c) Fotocopia da escritura de constitución da sociedade, se é o caso.
- d) Xustificante do pago das taxas

Artigo 5.- Abono das taxas.

Cando se presente e tramite unha comunicación, unha declaración responsable ou unha licenza de apertura os interesados deberán aboar as taxas correspondentes segundo a Ordenanza fiscal reguladora.



TÍTULO SEGUNDO.

ACOMUNICACIÓN PREVIA E A DECLARACIÓN RESPONSABLE.

Artigo 6.- Réxime xeral.

1. O desenvolvemento dunha actividade comercial, industrial ou de servizos estará suxeito á presentación dunha comunicación previa ou dunha declaración responsable no concello, agás nos casos nos que nesta ordenanza se require que se solicite e obteña unha licenza de apertura ou de actividade.
2. As declaracións responsables e as comunicacións previas permitirán o exercicio dun dereito para desempeñar determinadas actividades ou servizos, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación que ten atribuídas o Concello.
3. Non obstante a declaración responsable ou a comunicación previa non producirán efectos:
 - a) cando non tivese entrada no Rexistro do Concello documentación de carácter esencial esixida en cada caso.
 - b) cando o contido das actuacións notificadas ao Concello non tivesen encaixe nos supostos previstos para a declaración responsable ou para a comunicación previa.
 - c) cando para o desenvolvemento da actividade fose preceptivo informe ou autorización previa doutros organismos públicos.
 - d) cando a actuación efectivamente desenvolvida polo interesado non se axuste ao declarado ou comunicado.

Artigo 7.- Comunicación previa.

Entenderase como comunicación previa aquel documento mediante o que os interesados poñen en coñecemento do Concello os seus datos identificadores e demais requisitos esixibles para inicia-lo exercicio do seu dereito para desempeñar determinadas actividades ou servizos.

Artigo 8.- Declaración responsable.

Entenderase como declaración responsable o documento subscrito por un interesado en que manifesta, baixo a súa exclusiva responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para acceder ao recoñecemento do dereito para o inicio dunha actividade ou servizo e que dispón da documentación que así o acredita e que se compromete a manter o seu cumprimento durante o todo o período en que desenvolva a dita actividade.

Artigo 9.- Efectos en caso de omisión ou falsidade documental.

1. A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación ante o concello de calquera delas, determinará a

imposibilidade de iniciar ou continuar coa actividade afectada desde o intre no que se teña constancia polo concello de tales feitos.

2. Así mesmo, a resolución expresa do Alcalde que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica preexistente ao inicio da actividade sen prexuízo das responsabilidades civís, mercantís, penais ou administrativas que puideran concorrer.

Artigo 10.- Licenza de obras previa para o exercicio de actividades ou servizos.

1. Nos casos nos que sexa precisa a realización de obras de edificación para o desenvolvemento da actividade, deberá solicitarse a oportuna licenza de obras que deberá ir acompañada do correspondente proxecto técnico.

2. Rematadas as obras o titular da actividade notificarao ao Concello aportando o certificado final da obra expedido polo técnico director e a comunicación previa ou declaración responsable, segundo corresponda, coa documentación que se sinala na presente Ordenanza e Anexo.

3. En relación coas obras de acondicionamento, non será precisa licenza de obra para acondicionamento de locais para desempeño de actividade comercial cando non se requira a redacción dun proxecto técnico de obra de conformidade coa Lei 38/1 999, de 5 de novembro, de Ordenación da Edificación.

Artigo 11. Tramitación da comunicación previa ou da declaración responsable.

1. Prazo: A comunicación previa ou declaración responsable, segundo proceda, presentaranse antes de inicio efectivo da actividade.

2. Forma da comunicación previa.

A comunicación previa deberá presentarse segundo o modelo que figura no Anexo.

2.1- A comunicación previa deberá incluír:

- a) O nome e apelidos, DNI ou NIF, enderezo, teléfono e, no seu caso, o enderezo de correo electrónico do titular ou titulares da actividade ou do servizo. No suposto de tratarse dunha persoa xurídica, fotocopia da escritura de constitución.
- b) O nome e apelidos, DNI ou NIF, enderezo, teléfono e, no seu caso, a dirección de correo electrónico do representante.
- c) A situación exacta do local onde se exerce a actividade.
- d) Data do comenzo da actividade
- e) A descrición da actividade e epígrafe fiscal a que pertenza a actividade.
- f) Comunicación na que se pón en coñecemento do Concello que cumpre cos requisitos esixibles para o exercicio do dereito a desenvolver a actividade que se relaciona.



2.2.- A comunicación previa **cando non houberse obra previa ou obras non suxeitas a licenza ou a suxeitas licenza de obra menor** deberá vir acompañada da seguinte documentación:

- a) Memoria urbanística xustificativa do cumprimento da normativa urbanística e do uso.
- b) Plano de situación en cartografía municipal do local onde se desenvolverá a actividade.
- c) Plano do local coas súas instalacións.
- d) Certificación subscrita por técnico competente que acredite que a actividade cumpre a normativa aplicable (Referente a ruído, incendios, accesibilidade e seguridade de uso, solidez e seguridade estrutural, etc).
- e) Escritura de propiedade ou de arrendamento do local.
- f) Xustificante do abono do importe das taxas.
- g) Fotos.

2.3.- A comunicación previa **cando houberse obras suxeitas a licenza ao requirir de proxecto (obra maior)** deberá vir acompañada da seguinte documentación:

- a) Copia da licenza de obras.
- b) Certificado de fin de obra subscrita pola Dirección Facultativa das mesmas e visado polo colexio profesional correspondente, onde se xustifique o axuste do construído á licenza de obra outorgada e o establecemento das medidas que sexan esixibles.
- c) En caso de sufrir algunha alteración deberá achegar o estado final de obras excepto nos supostos que precisen de nova licenza con proxecto modificado.
- d) Certificado acústico por empresa homologada, se procede.
- e) Escritura de propiedade ou de arrendamento do local.
- f) Xustificante do abono do importe das taxas.
- g) Fotos.

3. Forma da declaración responsable.

A declaración responsable deberá presentarse segundo o modelo que figura no Anexo.

3.1 A declaración responsable debe incluír:

- a) O nome e apelidos, DNI ou NIF, enderezo, teléfono e, no seu caso, o enderezo de correo electrónico do titular ou titulares. No suposto de tratarse dunha persoa xurídica, fotocopia da escritura de constitución.
- b) O nome e apelidos, DNI ou NIF, enderezo, teléfono e, no seu caso, o enderezo de correo electrónico do representante.
- c) A situación exacta do local da actividade.
- d) Data do comenzo da actividade
- e) A descrición da actividade, superficie do local e indicación do grupo ou epígrafe fiscal a que pertenza a actividade.
- f) Declaración, baixo a súa responsabilidade, de cumprir cos requisitos esixidos pola normativa vixente para acceder ao recoñecemento do dereito á posta en funcionamento da actividade; actividade que se vai a desenvolverse de acordo coa normativa que resulta de aplicación e que se dispón da documentación que así o acredita e que se compromete a manter o seu cumprimento durante o todo o período en que desenvolva a dita actividade.

3.2.- A declaración responsable **cando non houberse obra previa ou obras non suxeitas a licenza ou suxeitas a licenza de obra menor** deberá vir acompañada da seguinte documentación:

- a) Memoria xustificativa do cumprimento da normativa urbanística xustificativa do uso.
- b) Plano de situación en cartografía municipal do local donde se desenvolverá a actividade.
- c) Plano do local coas súas instalacións.
- d) Certificación suscrita por técnico competente que acredite que a actividade cumpre a normativa aplicable (Referente a ruído, incendios, accesibilidade e seguridade de uso, solidez e seguridade estrutural, etc) e das medidas correctoras esixibles.
- e) Escritura de propiedade ou de arrendamento do local,
- f) Xustificante do abono do importe das taxas.
- g) Fotos.

3.3.- A declaración responsable **cando houberse obras suxeitas a licenza ao requirir de proxecto (obra maior)** deberá vir acompañada da seguinte documentación:

- a) Copia da licenza de obras,
- b) Certificado de fin de obra suscrita pola Dirección Facultativa das mesmas e visado polo colexio profesional correspondente, onde se xustifique o axuste do construído á licenza de obra outorgada e o establecemento das medidas que sexan esixibles.
- c) En caso de sufrir algunha alteración deberá achegar o estado final de obras excepto nos supostos que precisen de nova licenza con proxecto modificado,
- d) Certificado acústico por empresa homologada, se procede.
- e) Escritura de propiedade ou de arrendamento do local.
- f) Xustificante do abono do importe das taxas.
- g) Fotos.

Artigo 12. Subsanación de deficiencias.

1.- Se os servizos municipais detectasen omisións, deficiencias ou imprecisións na declaración responsable ou na comunicación previa, ben na documentación achegada ou ben na inspección técnica posterior que impedise o exercicio do dereito, requirirase ao interesado para que no prazo de 10 días, ampliable ata 30 días, compléteas, emende ou aclare, coa indicación de que, namentres, queda suspendida a actividade. Advertiráselle ademais que en caso de incumprimento ou defectuoso se lle terá por desistido da súa petición, previa resolución que deberá ser dictada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/92, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e o Procedemento Administrativo Común, e de conformidade con o parágrafo 4º deste artigo.

2.- O interesado poderá solicitar ampliación do prazo, até o límite temporal establecido no parágrafo anterior, se no termo concedido non puideren emendar a deficiencia, A denegación da ampliación de prazo será motivada.

3.- Cumprimentado polo interesado o requirimento de subsanación e mellora de solicitude, alzarase a suspensión decretada.



4.- Se o interesado non cumprimentase o requirimento dictarase resolución declarando sen efecto o exercicio do dereito para o exercicio da actividade declarada ou comunicada e, no seu caso, imporase ao interesado a obrigaón de restituir a situación alterada ao momento anterior á declaración ou comunicación presentada.

Artigo 13.- Modificacións ao proxecto presentado.

Se o interesado houbera introducido variacións significativas respecto das obras ou actividades contidas no proxecto ou memoria presentadas coa licenza de obras ou declaración responsable ou comunicación previa, virá obrigado a presentar unha nova declaración ou comunicación con achega, segundo os casos, dun novo proxecto (ou memoria) que substitúa integramente ao anterior ou un proxecto (ou memoria) complementario.

Artigo 14.- Prazos para iniciar a actividade nos casos de declaración responsable ou comunicación previa.

1. O prazo para dar inicio á actividade sometidas ao réxime de declaración responsable ou comunicación previa será o establecido na respectiva declaración responsable ou comunicación previa. Este prazo non poderá superar os seis meses desde o día en que se presente a declaración responsable ou comunicación previa. Non obstante o interesado só poderá dar comenzo á actividade unha vez presentada a declaración responsable e/ou a comunicación previa completa nos termos establecidos nesta Ordenanza.

2. Unha vez presentada no Rexistro xeral do Concello a comunicación ou a declaración responsable o titular da actividade poderá comezar a exercela, sen prexuízo de que os técnicos municipais cursen as visitas de inspección precisas para comprobar que se axusta a normativa aplicable.

3. O incumprimento dos requisitos sinalados na lexislación vixente ou nesta ordenanza determinará a imposibilidade de seguir exercendo a actividade dende o intre en que se teña constancia polo concello destes feitos, sen prexuízo das responsabilidades civís, mercantís, penais e administrativas, en que poida incorrer o interesado.

4. A resolución que declare estas circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituir a situación xurídica preexistente ao inicio da actividade.

5. En todo caso, o titular da actividade será o único responsable das molestias ou prexuízos que poida causar.

Artigo 15.- Prórroga no inicio de actividades sometidas a declaración responsable ou comunicación previa.

1.- Os prazos establecidos na declaración responsable ou comunicación previa para o inicio de actividades poderán prorrogarse a instancia do titular e con anterioridade á conclusión dos prazos expresamente establecidos naquelas.

2.- En calquera caso, a prórroga só se entenderá concedida por unha soa vez e por un prazo que non sexa superior ao inicialmente fixado no correspondente escrito.

Artigo 16.- Actividade inspectora do concello.

1. Unha vez presentada a comunicación previa ou declaración responsable, polos servizos municipais procederase a efectuar as comprobacións oportunas e o técnico municipal emitirá un acta da inspección para que quede constancia no expediente de que a actividade se axusta a documentación achegada e a normativa aplicable.

2. Nestes procedementos o concello deberá proceder a efectuar a inspección nun prazo máximo de dous meses dende a presentación da comunicación ou da declaración responsable que conteña toda a documentación esixida

3. O vencemento deste prazo sen terse notificado unha copia do acta da inspección ao interesado que tivese presentada a solicitude, o lexítima para entendela estimada por silencio administrativo, agás nos supostos nos que unha norma con rango de lei por causas xustificadas de interese xeral ou unha norma de dereito comunitario europeo establezan o contrario.

4. Non obstante o anterior, en ningún caso se entenderán adquiridos por silencio administrativo positivos dereitos en contra do disposto na lexislación e no planeamento urbanístico vixente.

Artigo 17.- Peche do establecemento._

Nos casos nos que se exerza unha actividade sen a debida presentación da comunicación previa ou da declaración responsable, ou cando non cumpra a normativa aplicable ordenarase pola Alcaldía o peche do establecemento, sen prexuízo da aplicación do disposto na Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 20.- Actividades suxeitas á comunicación previa.-

Estarán sometidas ao trámite de comunicación previa as seguintes actividades:

Comerciais, que contén cunha superficie util menor a 100 m2:

a) Comercio polo miúdo de alimentos (excepto elaboración, envasado, almacenaxe e venda de comidas preparadas directamente ao consumidor final), bebidas e tabaco en establecementos especializados.

b) Comercio polo miúdo de artigos de beleza e hixiene.

c) Comercio polo miúdo de téxtiles, pezas de vestir, calzado e artigos de coiro.

d) Comercio polo miúdo de mobles, aparellos de iluminación e outros artigos para o fogar.

e) Comercio polo miúdo de electrodomésticos, aparellos de radio, televisión e son.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@terra.es • Web: www.concellodemeano.com



- f) Comercio polo miúdo de ferraxaría, vidro, pinturas e materiais de bricolaxe.
- g) Comercio polo miúdo de materiais de construción, e material de saneamento.
- h) Comercio polo miúdo de libros, xornais e papelería.
- i) Comercio polo miúdo de óptica, fotografía e precisión.
- j) Comercio polo miúdo de artigos de reloxaaría, xoiaría e prataría.
- k) Comercio polo miúdo de xoguetes e artigos de deporte.
- l) Comercio polo miúdo de artigos de droguería, papeis pintados e revestimentos de chans.
- ll) Comercio polo miúdo de sementes, flores, plantas e animais de compañía.
- m) Galerías de arte comerciais.
- n) Outro comercio polo miúdo de artigos novos en establecementos especializados ou non especializados.
- ñ) Comercio polo miúdo de bens de segunda man e anticuarios.
- o) Reparación de efectos persoais e aveños domésticos.
- p) Outro comercio polo miúdo non comprendido nas letras anteriores e as actividades comerciais previstas no Anexo do Real Decreto-lei 19/2012, de 25 de maio, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos.

Outras actividades:

- a) Academias de ensino ate 150 m² de superficie útil, agás as academias de baile, música ou canto.
- b) Centros destinados ao culto relixioso.
- c) Depachos profesionais (avogados, arquitectos, médicos, etc.) xestorías, oficinas (bancarias, axencias de viaxe, aseguradoras) e similares, salvo que dispoñan de aparellos ou instalacións de raios X ou similares que se desenvolvan en locais ou establecementos que non excedan de 150 m² de superficie útil.
- d) Oficinas ou locais pertencentes a entidades sen ánimo de lucro, sempre que non desenvolvan neles actividades mercantís ou industriais e en locais ou establecementos que non excedan de 150 m² de superficie construída.
- e) Garaxes de uso privado non autorizados coa licenza de edificación con capacidade inferior a cinco prazas e cunha superficie útil que non supere os 100 m² de superficie útil.
- f) Aparcadoiros e exposición de vehículos ao aire libre sen límite de prazas fin superficie.
- g) Actividades de carácter non mercantil ou industrial das que sexan titulares os órganos de calquera Administración Pública.
- h) Cambios de titularidade de calquera clase de actividade sen prexuízo da obtención, no seu caso, dunha autorización expresa doutra Administración Pública competente.
- i) Máquinas expendedoras
- j) Locutorios telefónicos que non excedan de 150 m² de superficie útil.
- k) Copistería que non excedan de 150 m² de superficie construída.
- l) Servizos infomáticos e centros de internet que non excedan de 150 m² de superficie útil.
- ll) Lavandería e instalación de limpeza en seco que non excedan de 150 m² de superficie útil.

m) Outras actividades similares e non comprendido nas letras anteriores e as actividades previstas no Anexo do Real Decreto-lei 19/2012, de 25 de maio, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos, que non excedan de 150 m² de superficie útil.

Artigo 21.- Actividades suxeitas á declaración responsable.

Estarán sometidas ao trámite de declaración responsable as seguintes actividades:

Comerciais, que contén cunha superficie útil total de entre 100 e 400 m² e con unha superficie útil de exposición e venda ao público que non sexa superior a 300 m² e cunha potencia mecánica instalada que non supere os 15 kW:

a) Comercio polo miúdo de alimentos (excepto carnicerías e charcuterías, elaboración, envasado, almacenaxe e venda de comidas preparadas directamente ao consumidor final), bebidas e tabaco en establecementos especializados.

b) Comercio polo miúdo de artigos de beleza e hixiene.

c) Comercio polo miúdo de téxtiles, pezas de vestir, calzado e artigos de coiro.

d) Comercio polo miúdo de mobles, aparellos de iluminación e outros artigos para o fogar.

e) Comercio polo miúdo de electrodomésticos, aparellos de radio, televisión e son.

f) Comercio polo miúdo de ferraxaría, vidro, pinturas e materiais de bricolaxe.

g) Comercio polo miúdo de materiais de construción, e material de saneamento.

h) Comercio polo miúdo de libros, xornais e papelería.

i) Comercio polo miúdo de óptica, fotografía e precisión.

j) Comercio polo miúdo de artigos de reloxaría, xoiaría e prataría.

k) Comercio polo miúdo de xoguetes e artigos de deporte.

l) Comercio polo miúdo de artigos de droguería, papeis pintados e revestimentos de chans.

ll) Comercio polo miúdo de sementes, flores, plantas e animais de compañía.

m) Galerías de arte comerciais.

n) Outro comercio polo miúdo de artigos novos en establecementos especializados ou non especializados.

ñ) Comercio polo miúdo de bens de segunda man e anticuarios.

o) Reparación de efectos persoais e afeños domésticos.

p) Outro comercio polo miúdo non comprendido nas letras anteriores e as actividades comerciais previstas no Anexo do Real Decreto-lei 19/2012, de 25 de maio, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos, cunha superficie útil total de entre 100 e 400 m² e con unha superficie útil de exposición e venda ao público que non sexa superior a 300 m² e cunha potencia mecánica instalada que non supere os 15 kW.

Almacéns:



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@terra.es • Web: www.concellodemeano.com



a) Actividades agrogandeiras: Actividades de almacenamento de equipos e produtos agrícolas, sempre que non contén con sistemas de refrixeración e/ou sistemas forzados de ventilación, que como máximo conteñan 2.000 litros de gasóleo ou outros combustibles.

b) Actividades de almacenamento de obxectos e materiais, sempre que a súa superficie sexa inferior a 500 m², excepto as de produtos químicos ou farmacéuticos, combustibles, lubricantes, fertilizantes, praguicidas, herbicidas, pinturas, vernices, ceras ou pneumáticos.

c) Actividades de almacenamento de produtos petrolíferos ou químicos con recipientes a presión que non necesiten proxecto técnico segundo a normativa específica de aplicación.

Actividades industriais sempre que a potencia mecánica instalada non supere os 15 kW, a súa superficie útil total non supere os 400 m² e a superficie útil de exposición e venta ao público non supere os 300 m²:

a) Talleres de confección, xastrería, peletería e similares.

b) Talleres auxiliares de construción, tales como carpintería que non dispoña de instalacións de pintura, vernizado e lacado, albanelería, escaiolista, cristalería, electricidade, fontanería, calefacción e aire acondicionado,

c) Talleres de encadernación e afíns.

d) Talleres de relojaría, ourivaría, óptica, ortopedia, e outros afíns aos anteriormente indicados.

e) Reparación de efectos persoais e aveños domésticos.

Industria do calzado, vestido e outras confeccións textiles cunha superficie útil de de:

Outras actividades:

a) Centros e academias de ensino de mais de 150 m² de superficie útil e non superen 300 m² de superficie útil de atención ao público, excepto salas de baile, música e canto.

b) Depachos profesionais (avogados, arquitectos, médicos, etc.) xestorías, oficiñas (bancarias, axencias de viaxe, aseguradoras) e similares, salvo que dispoñan de aparellos ou instalacións de raios X ou similares que se desenvolvan en locais ou establecementos que excedan de 150 m² de superficie útil e non superen 300 m² de superficie útil de atención ao público, salvo que dispoñan de aparellos ou instalacións de raios X ou similares

c) Barberías, institutos de beleza e similares que non superen 300 m² de superficie útil de atención ao público (salvo que dispoñan de instalacións de raios UVA ou similares).

d) Clínicas veterinarias que non superen 300 m² de superficie útil de atención ao público (neste suposto deberá achegarse a previa comunicación á Consellería competente en materia de benestar animal) salvo que dispoñan de aparellos ou instalacións de raios X ou similares.

e) Antenas de telefonía ou semellantes, agás as situadas en ámbitos suxeitos á previa autorización da administración competente en materia de protección do patrimonio histórico-artístico.

f) Centros de diagnóstico e laboratorios de análise clínica sen manipulación de produtos inflamables nin contaminantes.

g) Copistería que excedan de 150 m² de superficie útil e non superen 300 m² de superficie útil de atención ao público.

h) Servizos infomáticos e centros de internet que excedan de 150 m² de superficie útil e non superen 300 m² de superficie útil de atención ao público.

i) Lavandería e instalación de limpeza en seco que excedan de 150 m² de superficie útil e non superen 300 m² de superficie útil de atención ao público.

j) Outras actividades similares non comprendido nas letras e as actividades previstas no Anexo do Real Decreto-lei 19/2012, de 25 de maio, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos, que non superen 300 m² de superficie útil de atención ao público.

Actividades agropecuarias:

Actividades agropecuarias e instalacións para a cría de animais domésticos e actividades agrogandeiras relacionadas no anexo III do Decreto 133/2008 que relaciona as actividades excluídas do procedemento de avaliación da incidencia ambiental, entre as que se atopan as seguintes:

1) Instalacións para a cría intensiva de animais domésticos, sempre que non superen as 9 cabezas de gando vacún, equino ou porcino, 15 de ovino ou caprino, 15 coellas nai ou 50 aves.

2) Instalacións para cría ou garda de cans, susceptibles de albergar como máximo 5 cans maiores de tres meses.

TÍTULO SEGUNDO

AS LICENZAS DE APERTURA OU DE ACTIVIDADE.

Artigo 22º.- Supostos en que procede.

1. Deberá solicitarse a pertinente licenza de apertura ou de actividade nos casos nos que así o esixe a protección do medio ambiente ou do patrimonio histórico-artístico, a seguridade ou a saúde públicas, ou que impliquen o uso privativo ou a ocupación dos bens de dominio público.

2. Enténdese que se encontran nos supostos previstos no parágrafo anterior as seguintes actividades:

a) As excluídas do ámbito de aplicación da directiva 2006/123/CE e, polo tanto non recollidas nos artigos 4 e 5 da presente ordenanza.

b) As que se inclúen no Decreto 292/2004, do 18 de novembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia, modificado polo Decreto 160/2005.

c) As que requiran autorización ou informe previo doutra Administración Pública (protección do medio ambiente, patrimonio histórico artístico, augas, sanidade, comercio, turismo e outras).

d) As actividades relacionadas no Decreto 133/08 que regula o procedemento de avaliación ambiental.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@terra.es • Web: www.concellodemeano.com



- e) As que precisen inspección sanitaria previa sobre condicións hixiénico-sanitarias antes do exercicio da mesma.
- f) As estacións base de telefonía móbil e as antenas excluídas do réxime de comunicación previa.
- g) As actividades e servizos non suxeitos ao trámite de comunicación previa ou declaración responsable, e polo tanto non incluídos nas relacións contidas nesta ordenanza.

Artigo 23. Procedemento de concesión.-

1. Nos supostos nos que debe solicitarse a licenza de apertura ou de actividade, esta tramitarase de acordo co procedemento establecido pola normativa aplicable en cada caso.

2. Caso de non existir normativa específica aplicable o procedemento de concesión das licencias axustarase ao establecido artigo 196 da Lei 9/2010, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e o artigo 9 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais aprobado polo Decreto do 17 de xuño de 1955.

3. Cando sexa preciso a realización de obras de construción de nova planta, ampliación reforma ou acondicionamento, a licenza de actividade concederase xunto coa licenza urbanística. Nestes casos non poderá comezar a exercerse unha actividade en tanto que non se conceda a pertinente autorización de funcionamento.

4. O concello notificaralles aos titulares da actividade que acheguen toda a documentación técnica que se sexa preciso para emendar as deficiencias que os técnicos municipais atopen na documentación inicialmente presentada.

5. Rematadas as obras de construción ou acondicionamento conforme aos termos da licenza de obras concedida, os titulares da actividade porano en coñecemento do Concello, mediante escrito no que se incluírá:

- a) O nome e apelidos, DNI ou NIF, enderezo, teléfono e, no seu caso, o enderezo de correo electrónico do titular ou titulares da actividade ou do servizo.
- b) O nome e apelidos, DNI ou NIF, enderezo, teléfono e, no seu caso, a dirección de correo electrónico do representante.
- c) A situación exacta do local onde se exerce a actividade.
- d) Comunicación na que se pón en coñecemento do Concello que se remataron as obras coas medidas correctoras esixidas.
- e) Fotos

E achegarase:

Certificado final do técnico director das mesmas e visado polo colexio profesional correspondente, onde se xustifique o axuste do construído á licenza de obra outorgada e se adoptaron as medidas correctoras esixidas.

A vista do anterior os técnicos municipais cursen as pertinentes visitas de inspección nun prazo máximo de dez días hábiles desde a recepción da notificación.

6. En caso de que a actividade se axuste á documentación autorizada coa licenza de apertura e que as obras realizadas se axusten á licencia de obras concedida, concederase a licenza de funcionamento da actividade.

TÍTULO TERCEIRO

ÓRGANOS COMPETENTES

Artigo 24.-

1. O órgano municipal competente para a concesión das licencias de obras concorrentes coas licenzas de actividade de establecementos ou coas comunicacións previas ou declaracións responsables será a Alcaldía.

2. O órgano municipal competente para a concesión das licenzas de funcionamento da actividade e para a toma de coñecemento das comunicacións previas ou declaracións responsables será a Alcaldía.

3. Os acordos adoptados nesta materia pola Alcaldía haberán de ser comunicados ás Administracións Públicas competentes segundo a normativa sectorial de aplicación que corresponda.

En particular serán comunicados os acordos aos seguintes órganos:

- a) Ao órgano da Xunta de Galicia emisor do dictame de incidencia ambiental nos supostos previstos no artigo 13.3. do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, pola que se regula a avaliación da incidencia ambiental en Galicia.
- b) A dirección xeral da Xunta de Galicia con competencias en materia de comercio cando se trate de establecementos comerciais para a súa inscrición no Rexistro Galego de Comercio nos supostos previstos no artigo 28.5 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, de Comercio Interior de Galicia.
- c) A Subdelegación do Goberno nos supostos previstos no artigo 43.1 do Real Decreto 2816/1982, do 27 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas.
- d) A dirección xeral da Xunta de Galicia con competencias en materia de espectáculos públicos aos efectos previstos nos artigos 2 e 5 do Decreto 292/2004, do 18 de novembro, polo que se aproba o Catalogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia, modificado polo Decreto 160/2005.

4. O establecido nos parágrafos anteriores enténdese sen prexuízo da facultade de delegación de conformidade co disposto nos artigos 13 da Lei 30/1 992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e 43 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2.868/1 986, de 28 de novembro.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@terra.es • Web: www.concellodemeano.com



Disposición adicional primeira.

Os procedementos administrativos regulados na presente ordenanza deberán adaptarse progresivamente ás previsións contidas na Disposición Final Terceira, parágrafo 5, da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos na redacción dada ao mesmo pola Disposición Adicional Sétima da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de Economía Sostible, na medida en que o concello dispoña da plataforma tecnolóxica necesaria para elo.

Disposición adicional segunda.

As edificacións con un uso de actividade preexistente e continuado respecto das cales transcorresen seis anos desde a total terminación das obras co correspondente uso ou actividade non se adoptasen nese prazo as medidas de restauración da legalidade urbanística, quedarán incursoas na situación de fora de ordenación e suxeitas ao réxime previsto no artigo 103 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, ao abeiro do artigo 210.2 desta Lei.

Para o recoñecemento e posterior declaración en incursión na situación de fora de ordenación con uso de actividade preexistente por parte do Concello será preciso que se acredite polo interesado a antigüidade da edificación e que a actividade se desenvolve de xeito continuado desde fai seis anos. Xunto e a solicitude terá que aportarse polo interesado:

- Plano de situación da construción ou edificación e a súa a cartografía oficial do planeamento vixente.
- Plano de situación da edificación dentro da parcela, indicando superficie.
- Memoria descritiva da edificación, uso, número de andares, altura, cadro de superficies construídas, recuamentos, lindes e memoria urbanística.
- Reportaxe fotográfico
- Certificación técnica de solidez e seguridade e certificación do cumprimento da lexislación sectorial segundo a actividade de que se trate.

Na tramitación do expediente achegarase informe municipal ou, no seu caso, informe autonómico acreditativo de que non se adoptaron medidas de restauración de legalidade urbanística. Así mesmo o Concello poderá solicitar toda a documentación considere pertinente, como certificación catastral acreditativa da antigüidade e do uso, voos cartográficos certificados, etc, alta na declaración censal da actividade e declaracións fiscais anuais (Resume IVE, Imposto sociedades, etc.).

Cando a edificación estea localizada en solo rústico de protección de costas, de augas ou de espazos naturais darase traslado do expediente ao órgano autonómico competente ao que se solicitará informe sobre a viabilidade do mesmo.

No caso de incumprimento das lexislación sectorial bu das medidas correctoras esixibles a actividade de que se trate deberá solicitar a correspondente licenza de obra e/ou introducir os requisitos ambientais que resulten esixibles, si é o caso, para o mantemento do uso preexistente.

Disposición transitoria.


Os promotores dos expedientes que a entrada en vigor da presente ordenanza se atopasen en tramitación neste concello e se refiran a actuacións que entren no ámbito de aplicación da comunicación previa ou da declaración responsable poderán acollerse a ditos procedementos presentando para elo a documentación prevista nesta ordenanza.


Disposición derogatoria.

Á entrada en vigor desta ordenanza quedan expresamente derogados os artigos 43 e 45, no relativo ás licencias de apertura de establecementos, da Ordenanza Municipal de obras en xeral e de regulación de establecementos públicos e comerciais aprobada definitivamente polo Pleno o día 22 de febreiro de 2001.

Disposición Final.

Apresente ordenanza entrará en vigor, trala súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e unha vez transcurrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1 985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Rexime Local

Meaño, 5 de xuño de 2012
O alcalde

Asdo.: Jorge Domínguez Rosal



DILIXENCIA: Para facer constar que o texto da presente MUNICIPAL REGULADORA DOS PROCEDEMENTOS DE ACTIVIDADES E SERVIZOS SOMETIDOS AO RÉXIME DE DECLARACIÓN RESPONSABLE OU COMUNICACIÓN PREVIA E DAS LICENZAS DE ACTIVIDADES, foi aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria de data 11 de xuño de 2012.

En Meaño, a 11 de xuño de 2012
A secretaria interventora

Asdo. M.ª Teresa Escudero Barral

